

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2025.-

ASISTENTES:

ALCALDE: D. Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS/A: D^a. María Yolanda Valiño Pena, D. Juan Carlos García Barreiro, D. Francisco Manuel Crespo Gómez, D. Jorge Boado Presas, D^a. Mónica Álvarez Martínez, D^a Pura Ferreño Saia e D. José Manuel Vara García.

SECRETARIO: D. David Veiga Sierra.

XUSTIFICOU A SÚA NON ASISTENCIA: D. Pablo Bugía López, .

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as catorce horas e sete minutos do día vinte e seis de decembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno da Corporación Municipal, presidido polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

Comprobada a existencia de quorum dase inicio á sesión plenaria, coa seguinte Orde do día

En primeiro lugar se procede á votación para a inclusión por urxencia na Orde do día do seguinte asunto

1.- APROBACIÓN SOLICITUDE POS+ ADICIONAL 1/2026 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2026

Sometida a votación resulta incluída por unanimidade, procedendo ao seu debate e votación.

Exponse polo Sr. Alcalde a necesidade de aprobar a solicitude de inclusión no POS+ ADICIONAL 1/2026, xa que a data de presentación da solicitude é diferente á data de presentación do resto de solicitudes do POS.

A Sra. Ferreño pregunta se dos 39.864,82 € da achega se vai destinar algún diñeiro para facer traballo administrativo.

O Sr. Alcalde responde que non, xa que existe un administrativo adicado xa a este programa.

Sometida a proposta a votación, resulta aprobado por 7 votos a favor (6 PP, 1 PSOE) e 1 abstención (BNG), o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar a inclusión do Concello no POS+ ADICIONAL 1/2026 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2026 da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, por importe de 39.864,82 €.

SEGUNDO.- Remitir certificado do presente acordo á Excm. Deputación Provincial para que conste no expediente, así como autorizar ao Sr. Alcalde para a sinatura de toda a documentación necesaria ao efecto.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ás Áreas de Servizos Sociais, Tesourería e Intervención para a súa correcta xestión e contabilización.

2.- APROBACIÓN PROXECTOS E SOLICITUDE POS+ AD4/2025

Polo Sr. Alcalde expónse ao Pleno a concesión de unha cantidade incluída no POS+ AD4/2025 para a realización de obras que teñan a condición de inversións financeiramente sostíbeis.

Preséntanse polo Sr. Alcalde ao Pleno os dous proxectos que se pretenden incluír no citado plan:

“Mellora de viais rurais en Os Chas e Outros”, redactado por D. Juan Carlos Llamazares, por un importe de 46.508,83 € (38.437,05 € + 8.071,78 € de IVE)

“Mellora de viais rurais en Fontelo e outros”, redactado por D. Juan Carlos Llamazares, por un importe de 61.537,01 € (50.857,03 € + 10.679,98 € de IVE)

A Sra. Ferreiro pregunta se o camiño en A Cortella non foi incluído xa en outro proxecto.

O Sr. Alcalde responde que si, pero que en esa ocasión foi un rebacheo, e agora é un asfaltado.

Unha vez expostos os proxectos e aclaradas as dúbidas, o Sr. Alcalde dá paso á votación da seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Aprobación da solicitude de participación no POS+ AD4/2025, da Excm. Deputación Provincial de A Coruña.

SEGUNDO.- Aprobación dos correspondentes proxectos.

TERCEIRO.- Autorizar ao Sr. Alcalde para a preparación e sinatura de canto documento sexa necesario.

CUARTO. Declarar o compromiso do Concello para aportar a cantidade que lle corresponda na execución dos meritados proxectos.

QUINTO. Notificar o presente acordo á Excm. Deputación Provincial de A Coruña.

Sometido a votación, resulta **aprobado** por 7 votos a favor (PP e PSOE) e 1 abstención (BNG)

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e dezaseis minutos, do que eu como Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO